



En relación coas reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en **Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e 1º de Bacharelato**, estarase ao que indique cada Orde de regulación, achegándose o seguinte calendario de actuacións a título orientativo:

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	<b>Dous días</b> hábiles, desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (informe do equipo docente ou departamento didáctico)	<b>Primeiro día</b> hábil seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas	<b>Dous días</b> hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión (a <b>resolución da revisión</b> nesta fase correspóndelle en todo caso á <b>dirección do centro</b> ) ao alumnado reclamante e á persoa docente titora	<b>Día</b> hábil seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Dirección Territorial	Reclamación ante a Dirección Territorial (se persiste o desacordo)	<b>Dous días</b> hábiles, desde o día seguinte á comunicación da decisión adoptada. A dirección do centro debe remitir o <b>expediente</b> de revisión no prazo de <b>dous días hábiles</b> coa documentación relacionada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

